

OS INSTRUMENTOS DA NOSA TRIBO



H.M.: "Benvido/a, aprendiz. Para ser un verdadeiro membro da Tribo, non abonda con ser forte ou rápido; tes que ter o oído agudo para sobrevivir na escuridade.

O Gran Xamán deixouche esta táboa antiga para que aprendas a distinguir as voces das nosas ferramentas.

Exercicio 1. Le a descrición e preme nos alt falantes 🔊 de cada imaxe para descubrir como soan os instrumentos prehistóricos. escoita con atención e **memoriza os sons**. Na seguinte folla hai que superar un reto de audición.

Zumbador: Parece un simple anaco de madeira atado a unha corda, pero ten un segredo. Cando a xiras moi rápido no aire, produce un zunido grave e profundo que se escoita a quilómetros. Os clans usábana para enviarse mensaxes ou nos rituais.	 
Frauta de óso: É un dos instrumentos máis antigos do mundo. Os nosos antepasados facíanas cos ósos de aves. Ao soprar e tapar os buratos, soa moi agudo e doce, perfecto para imitar o canto dos paxaros e atraer animais.	 
Rascador: É un instrumento de percusión. Collían unha costela ou un corno de animal e facíanlle moitas raias ou marcas. Ao raspar por riba cun pau ou un óso, fai un son seco (<i>raca-raca</i>), ideal para acompañar as danzas arredor do lume.	 
Caracola: Antes de que existisen as trompetas de metal, usaban caracolas grandes coa punta cortada a propósito. Ao soprar forte por ela, sae un son tan potente e grave que servía para avisar a toda a tribo dun perigo ou para comezar un ritual.	 
Litófonos: Descubriron que algunhas rochas especiais e estalactitas das covas, ao golpealas, soaban como campás. Foi o primeiro xilófono da historia, feito con pedras.	 

Exercicio 2: Agora o teu oído pode guiarte. Preme o botón de reprodución  para escoitar o instrumento misterioso e **úneo coa súa fotografía correcta**.

